

ON FALLING

Laura Carreira, 2025

1595

ESTREA EN NUMAX: 19.09.2025 | V.O.S.E. | +12 | 104 min

Aurora é unha muller portuguesa que traballa nun gran almacén de Escocia. Atrapada entre os muros do seu centro de traballo e a soidade do seu piso compartido, Aurora trata de resistir ao illamento, a alienación e a charla trivial que comezan a ameazar a consciencia de si mesma. Nunha contorna dominada por unha economía baseada en algoritmos e deseñada para manternos separados, “On Falling” explora a loita silenciosa e vital por atopar sentido e conectar.

«Un claro, frío e sorprendente debut sobre as feridas do turbocapitalismo. Un exercicio desapiadado e tenro á vez de cinema espido, inesquecible»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Laura Carreira:

«O traballo baixo o capitalismo define como vivimos, como valoramos os outros e a nós mesmos»

Como nace a idea de *On Falling*? Hai uns anos empecei a ler sobre os centros de distribución e había algo no traballo destas traballadoras que me pareceu simbólico dos grandes problemas actuais do traballo e do capitalismo tardío. Os recolectores traballan 10 horas ao día, case sempre sós, recollendo sen descanso os artigos pedidos por Internet. Camiñan quilómetros e quilómetros por corredores repletos de artigos, seguindo as instrucións dun escáner que lles dita canto tempo teñen para recollelos. No Reino Unido, unha gran parte dos traballadores de almacén son emigrantes e pareceume que era unha historia que podía contar. Ecoaba coas miñas propias experiencias cando me trasladei de Portugal a Escocia.

Ser emigrante permíteche ver as cousas desde un prisma específico. Nalgún momento deime conta de que non quería que a película tratase só dun traballo mal pago, ou de como o algoritmo sen rostro xestiona a través dun escáner, ou de como a empresa para a que traballas gaña millóns e apenas paga impostos. O problema é que todo o traballo baixo o capitalismo está deseñado desta maneira e define como vivimos, como nos valoramos uns a outros e como nos valoramos a nós mesmos.

Como foi o proceso de documentación? Unha gran parte do meu proceso de escritura consistiu en falar con persoas que traballaban en centros de distribución e preguntarlles sobre a súa rutina e as súas vidas; isto influíu moito na película. A soidade era un tema recorrente: no traballo e fóra del. Moitas persoas dixeron que esperaban que o traballo fose fisicamente esixente, pero non esperaban que fose tan difícil para a súa saúde mental. Tamén estaba claro o difícil que era ter unha vida fóra do traballo: moitos dicían que estaban demasiado esgotados para facer nada cando terminaba o seu traballo. Ese foi quizá o elemento que máis me marcou destas conversas. Tiña a sensación de que a xente estaba atrapada. Non se trataba só de que o traballo fose duro e inseguro, o soldo non era abondo ou os xefes insoportables; era que había unha sensación abafante de que un traballo diferente podería non solucionalo. Isto é revelador. Tanto da visión que un ten do mundo como do seu sentido da posibilidade.

Visitou algún centro de distribución? Asistín a unha visita guiada a un centro de distribución. Os visitantes miraban os traballadores coma se estivesen nun zoo. Unha auténtica desconexión. Acabou inspirando unha das escenas da película. Durante un tempo custome decidir como terminar a película, pero unha semana varios recolectores puxéronse en contacto comigo para contarme como viviran os agapóns nos seus almacéns e como, por primeira vez, a xente empezaba a coñecerse, a xogar, a pescudar os nomes dos demais. Inmediatamente souben que así era como me gustaría terminar a película.

Cóntanos máis sobre a protagonista. Aurora traballa como recolectora e loita por chegar a final de mes. O personaxe non só experimenta escaseza económica, senón escaseza noutros aspectos da súa vida necesarios para que unha vida sexa completa. Non pide axuda a ninguén porque non é unha persoa que se considere pobre ou desgraciada. Recordo ler sobre algunhas persoas que acoden aos bancos de alimentos e ás veces senten que non deberían estar alí, como se non cumprisen os requisitos. Aurora consegue conectar brevemente cos seus compañeiros, pero nunca chega a establecer unha relación verdadeira. Cando me mudei a Escocia por primeira vez, atopeime vivindo e traballando con outros emigrantes, e quixen reflectir esa experiencia. A sensación é de estar de paso.



Na librería NUMAX

numax.org/libreria

Después del trabajo,
Helen Hester / Nick Srnicek.
Caja negra, 2024

Contra el trabajo,
Giuseppe Rensi.
Firmamento, 2021

El laberinto del trabajo,
Amelia Horgan.
Levante Fuego, 2022